



ACTA Nº 2022/5

Sesión ordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da Casa do Concello, luns 25 de abril de 2022

No día de hoxe, ás 20:05 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

PP

D.^a Raquel Rodríguez Amigo

D. Francisco M. Calzas Suárez

Adiante Vimianzo

D.^a Marta Rey Lema

D. Eugenio Vidal Quintáns

D.^a María Jesús Barbeira Pose

D. Francisco Javier Trillo Pazos

D. Manuel Lorenzo Hermida

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.



Procédese a tratar os asuntos incluídos na,

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de marzo de 2022.

B) Sección de control

2º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

3º. Dación de conta das contas xustificativas da aportación municipal aos grupos políticos.

4º. Mocións de urxencia.

5º. Rogos e preguntas.

A Alcaldesa-Presidenta congratúlase da asistencia presencial dos membros da corporación.

Comeza o debate e votación da orde do día.

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de marzo de 2022.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de marzo de 2022.

B) Sección de control

2º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 24-03-2022 con número 324/2022 ata o día 20-04-2022 con número 430/2022.

O Pleno do Concello douse por enterado.

3º. Dación de conta das contas xustificativas da aportación municipal aos grupos políticos.



O Interventor da conta das aportacións anuais aos diferentes grupos políticos municipais comunicando a necesidade de aportar xustificantes bancarios dos gastos realizados, así como, a obriga de levar rexistro contable dos mesmos.

O Pleno do Concello douse por enterado.

4º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

5º. Rogos e preguntas.

Dna. Marta Rey pregunta en relación coa entrada en vigor da reforma laboral e as súas consecuencias, así como, o proceso de estabilización.

Amáis, interpela respecto a se hai algún tipo de planificación respecto ás pistas das parroquias que se van a arranxar e si se vai a publicar algo ó respecto.

Solicitado pola Alcaldesa-Presidenta, o Secretario da Corporación toma a palabra e explica a normativa de aplicación e a súa confusa redacción en relación coa supresión dos contratos laborais temporais coñecidos e a problemática dos procesos de estabilización cos prazos perentorios de publicidade da OEP e as convocatorias.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que os prazos para aplicar a normativa en materia de estabilización son moi cortos e os medios son os que son. Recorda que co PEL todo era máis sinxelo e haberá que adaptarse á actual situación.

En relación coas pistas dí que algunhas se executarán agora e outras están vinculadas ó segundo POS agradecendo se remitan as demandas por parte dos grupos políticos municipais para a súa valoración. Reitera que son coñecedores de que hai pistas que arranxar pero debido a extensión son moitas e non se pode todas á vez.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:24 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz